

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16 DE XUÑO 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

Díaz Vázquez, Raquel (Grupo do PSdeG-PSOE)
González Sagarra, Javier Pablo (Grupo do PP)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as once horas e nove minutos do día dezaseis de xuño do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral

Ex. Urxente 16.06.09

do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Díaz Vázquez e o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Procedemos coa sesión extraordinaria e urxente convocada por orde do día do 15 de xuño que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constatado o quórum procedemos coa orde do día.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (92).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A PRESIDENCIA: A urxencia ven pola aprobación dunha declaración institucional presentada polo voceiro do Grupo Socialista e a voceira do Grupo nacionalista do BNG.

(Están ausentes a Sra. Díaz Vázquez e o Sr. González Sagarra).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito, apróbbase a urxencia da sesión.

2.- (93).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DO SECTOR DO METAL.

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos Grupos Municipais Socialista, Sr. López Font, e do Grupo Municipal BNG, presentan para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno da Corporación a seguinte declaración:

Ex. Urxente 16.06.09

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do metal de Vigo representa para a cidade un dos seus principais alicerces industriais e económicos, medible e constatable tanto no seu peso específico no Produto Interior Bruto como nos miles de empregos xerados que dan sustento a unha parte moi relevante das viguesas e dos vigueses.

Así mesmo, o metal vigués é imprescindible no crecemento e desenvolvemento da economía de Galicia, xa que significase como o auténtico motor da práctica totalidade dos sectores produtivos que dan pulo á economía galega.

O impacto económico en Vigo e en Galicia do sector industrial do metal localizado na cidade fai indispensable que o esforzo que veñen realizando durante décadas os traballadores e os empresarios do ramo para acadar acordos impere novamente na negociación dun novo convenio colectivo máis xusto e acorde á realidade actual.

Gracias aos traballadores e aos empresarios do metal da cidade, Vigo -e por ende Galicia- ostenta o liderado en España, por exemplo, no sector naval e na automoción; e a mellor industria de España precisa tamén dunhas condicións laborais exemplares no Estado.

Non poden ser os traballadores os que paguen unha crise internacional que non crearon, e agora máis que nunca debe protexerse, respectarse e mellorarse ao noso capital humano, principal baluarte do presente e futuro do noso país. Vigo non pode permitirse que un conflito laboral faga perder a nosa competitividade industrial nun sector no que somos líderes.

Por iso esiximos da Xunta de Galicia que tome dunha vez por todas unha posición activa no conflito, que asuma as súas competencias e que na mesa de negociación estableza os mecanismos necesarios para que a patronal e os traballadores acaden un acordo, e non lles permita erguerse da mesma ata ter acadado un novo convenio colectivo satisfactorio para as partes.

A Xunta de Galicia ten a competencia única e exclusiva de sentar aos negociadores, asumir as propostas, formular alternativas ás mesmas e propor solucións que acheguen posturas; polo tanto debe exercer activamente e abandonar definitivamente a mediación formal que ven realizando estas semanas.

Por todo o dito, os grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG solicitan ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- 1.- Os grupos políticos da Corporación fan unha chamada ás partes á negociación e ao diálogo, como única vía posible para solventar as demandas presentadas.
- 2.- Esixir da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias cunha mediación activa e constante, salvando os obstáculos e facilitando propostas razoables para ambas partes que poñan fin ao conflito laboral.”

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Recibiuse nesta Presidencia unha declaración institucional que obra en poder dos señores e señoras concelleiros cunha exposición de motivos e unha fase dispositiva de acordo que reza da seguinte forma:

Primeiro.- Os grupos políticos da Corporación fan unha chamada ás partes á negociación e ó diálogo coma única vía posible para solventar as demandas presentadas.

Segundo.- Esixir da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias cunha mediación activa e constante, salvando os obstáculos e facilitando propostas razoables para ambas partes que poñan fin ó conflito laboral.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Diante deste conflito laboral que está afectando á cidade en xeral e ós traballadores e traballadoras do metal en particular, ó Bloque Nacionalista Galego pareceunos unha medida importante que a Corporación municipal tomara parte activa, non no propio conflito, pero si na medida en que coa nosa postura e coas nosas actitudes debemos premer politicamente dalgún xeito para que se acade de inmediato unha solución a este conflito, porque somos representantes políticos.

O sector do naval é sen ningunha dúbida un dos principais alicerces industriais da nosa cidade. É un sector que ademais se caracterizou sempre pola súa loita continua por acadar a competitividade, por non perder nunca a ocasión internacional malia que o sector do metal pasou por momentos e situacións delicadas, momentos nos que un sector tan importante para a nosa economía foi moeda de cambio, cando se deu a integración no Mercado Común Europeo, para que noutros lugares da xeografía, mesmo na estatal, se puidera producir esa integración.

Situación delicada foi a que pasou o sector do metal cando a famosa globalización económica ou liña neo-capital ou liberal da economía que fai que moitas veces estes sectores, ó estaren enmarcados dentro de nacionalidades con pouco peso específico político, vense abocados moitas veces tamén a perderen ese peso e esa firmeza.

Non podemos esquecer as famosas reconversións salvaxes que fixeron outros gobernos e que soportou o sector do metal noutras épocas. Tampouco podemos esquecer os recortes salariais que afectaron ós traballadores e traballadoras noutros momentos, nin as regulacións de emprego que as houbo e ademais moi fortes e moi impactantes.

Malia toda esta situación o sector do metal saíu a flote e contribuíu dun xeito vital ó noso Produto Interior Bruto, tanto a nivel de cidade como galego. Mesmo ata hai poucos meses escoitabamos como unha parte moi importante deste sector como é a da construción naval pasaba por un dos seus mellores momentos, mesmo con estaleiros con carga de traballo asegurada para os vindeiros anos. Logo desta situación chegamos a unha época convulsa, a unha época de crise.

Dende o Bloque Nacionalista Galego temos moi claro que os traballadores e traballadoras non son os que deben pagar a crise, unha crise que nin eles nin elas crearon. Temos que ter en conta que son os traballadores o maior capital, o capital máis valioso que temos hoxe en día para garantir o noso futuro como cidade e o futuro da nosa economía. Citröen, os estaleiros, o metal en xeral, sobreviven e seguen a seren competitivos gracias á cualificación dos traballadores, á súa profesionalidade e sobre todo gracias ó seu esforzo continuo.

Noutros tempos, en tempos de bonanza económica, a redistribución da riqueza económica non se fixo de xeito equitativo. Neses tempos esa riqueza ía parar nunha mínima parte ós petos dos traballadores e sempre nunha grande parte ós dos empresarios. Polo tanto é xusto que agora que estamos nun momento de crise o peso desta se distribúa tamén entre quen máis pode, entre quen máis capacidade ten de soportar a crise e, en definitiva, entre quen máis ten.

Estes últimos meses todos os gobernos de Europa e mesmo o americano estamos a asistir a unha inxección moi forte de cartos ás entidades financeiras e non esquezamos que estas obteñen grandes beneficios precisamente a costa dos aforros dos traballadores e das traballadoras. Estamos asistindo tamén a grandes inxeccións económicas a empresas por mor de manter o seu poder e a súa estabilidade, inxeccións a empresas que en moitos casos, estámolo a comprobar, non garanten o mantemento dos postos de traballo.

Diante desta situación poden parecer desorbitadas ou escandalosas unhas reivindicacións dos traballadores e traballadoras do metal que non queren conseguir máis que manter o seu nivel económico e adquisitivo, como calquera dos traballadoras e traballadores deste país intentamos.

Que paradoxo que cando moitos están acusando a estes traballadores e traballadoras de que os seus pedimentos son irracionais, de que nestes momentos é desorbitado pedir un 4, un 5 ou un 6%, estamos asistindo a que entidades privadas financian a compra dun xogador de fútbol por millóns e millóns de euros, un

auténtico paradoxo.

Cando seguen subindo os prezos das hipotecas, ou cando seguen subindo como hai poucos días os impostos indirectos que van afectar como sempre ós que menos teñen, é un escándalo cualificar de desorbitados ou irracionais os pedimentos xustos e reivindicativas duns traballadores e traballadoras.

Diante de todo isto o Bloque Nacionalista Galego queremos expresar aquí que en tempo de crise todos temos que apertarnos o cinto, iso é certo, pero sempre máis os que máis teñen. Por iso o BNG tamén quere expresar con toda a rotundidade que asume e se solidariza coas xustas reivindicacións dos traballadores e traballadoras do metal e ademais pide e solicita en primeiro lugar que a Xunta de Galicia forme parte activa destas negociacións, non como meros espectadores; que forme parte activa e decidida para obrigar a que se chegue a unha solución e non deixar levantar da mesa a quen teñen por riba de todo maior parte de culpa e ós que teñen as mellores cartas para solucionar este conflito.

Un goberno que se prece por riba de todo debe defender sempre ós seus traballadores e ás súas traballadoras, debe apoiar ós sectores económicos, iso si, pero debe defender sempre ás clases menos favorecidas.

Parécenos que a aprobación desta declaración institucional é unha actitude e unha proba importante de que esta Corporación cumpre con ese cometido, coa defensa dos traballadores e traballadoras desta cidade e dos sectores menos favorecidos.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar xustificar a urxencia da declaración institucional que Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego trouxemos ó Pleno.

No día de onte e diante da situación na que se atopaba o conflito, se ben é certo que cunha situación de negociación prevista para a tarde, entendiamos dende o goberno municipal que era urxente e necesario que este Pleno se convocase, primeiro para ratificar e ampliar a moción que xa presentamos no pasado Pleno ordinario do 25 de maio e sobre todo para lle dar un maior pulo á postura do goberno en relación con este conflito. Polo tanto os Grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista solicitamos do Alcalde a convocatoria deste Pleno extraordinario e urxente.

A urxencia ven motivada polo alongamento deste conflito; tamén pola sensación da dificultade de acadar un acordo e coido que aquí hai que marcar os precedentes de negociacións anteriores neste mesmo sector en relación a este convenio.

Evidentemente, como se vai alongando o tempo sitúao nun escenario distinto; é verdade que estamos nunha situación de crise económica na que as xornadas de folga xa realizadas supoñen un atranco para o desenvolvemento deste sector produtivo e sobre todo pola percepción, como dicía anteriormente, da difícil solución do conflito. Dende fóra semella que se está alongando innecesariamente ou sen unha busca de solución.

Tamén é certo que neste tempo no que se está alongando o conflito, polo menos dende o Partido Socialista detectamos a morneza da Xunta de Galicia. Como dicía antes o Tenente de Alcalde, é moi importante situar o conflito no que nos atopamos, situar o que significa o sector económico do metal de Vigo, da provincia de Pontevedra, cun peso específico moi importante no Produto Interior Bruto e coa xeración de milleiros de empregos. É un sector imprescindible e motor non só na economía de Vigo e do seu contorno, senón tamén da economía galega, pero é un sector moi localizado na área de Vigo e no seu contorno. Dito doutro xeito, sería moi difícil entender a economía de Vigo, o seu pulo e a súa presenza no Produto Interior Bruto de Galicia sen o sector do metal entendido como automoción e naval.

Polo tanto este é un sector de referencia pero é un sector que, malia as dificultades que tamén se mencionaron, estivo na consecución permanente de acordos e aínda que todos foron difíciles e complexos, en anteriores épocas de negociación chegouse a acordos. É certo que os acordos e os convenios deben adaptarse ós tempos e ás situacións conxunturais e dende logo que esta, no plano económico e laboral, é unha moi específica.

Por suposto non se debe confundir a radicalización dunha minoría non representativa, aínda que sexa nunha serie de manifestacións violentas repudiabes, co lexítimo dereito á folga e á negociación colectiva que ampara a Constitución e que sempre foron a base legal da concertación entre empresarios e traballadores. A proba de que estas situacións se produciron pola parte dunhas minorías é que hoxe están superadas e foron sinxelamente unha excepción.

Este é un sector que permitiu un liderado nos sectores naval e de automoción, non só na economía galega, senón tamén no Estado español. Polo tanto é lóxico que a situación na que nos atopamos sexa motivo de preocupación para a cidade de Vigo e, por suposto, para o seu goberno. Non se pode permitir que un conflito laboral como este diante do que nos atopamos, afecte á competitividade deste sector e poña en xogo o liderado.

Coa declaración institucional que traemos, un texto que entendemos moi axustado ó que realmente se necesita, ás partes que negocian, é dicir a empresarios e traballadores, pedímoslles constancia na negociación, vontade para chegaren a acordos pola importancia dos mesmos e sobre todo chegar ó límite das posibilidades. Cada parte ten que ser consciente do importante que é esta negociación.

Coido que estamos diante dunha desas ocasións singulares nas que, como dicía, se debe chegaren ó límite. Neste sentido empresarios e traballadores saben moito da obtención de acordos en situacións difíciles e polo tanto temos que reivindicar esa bandeira da concertación social da que fixeron gala sempre os empresarios e os traballadores. Que nestes momentos enarboren esa bandeira e poidamos falar dunha concertación social con maiúsculas.

Á Xunta de Galicia, ó goberno do Sr. Núñez Feijóo no Pleno do 25 de maio xa lle demandábamos un compromiso de mediación activa. Hoxe temos que reiterar esa mediación activa, pero é certo que á vista do escaso éxito que se tivo nesa mediación e, por que non o dicir, esa morneza e baixo rango na mediación, pasamos, e coido que é necesario, a esixir que este goberno da Xunta de Galicia exerza as súas competencias como goberno lexítimo de Galicia, asuma as súas responsabilidades en materia laboral e de mediación e sexa consciente do que nestes momentos se xogan Vigo e Galicia.

Non estamos diante dun problema de Vigo, diante dun problema que única e exclusivamente poida afectar a Vigo e á súa comarca; estamos diante dun problema da economía de Galicia que se debe resolver e ademais hai precedentes. É digno recoñecer que tanto os gobernos do Sr. Fraga como do Sr. Touriño tiveron ese labor de mediación activa, ese sentarse cos actores coa intención de non se erguer ata que finalmente se acadase un acordo.

Esta é unha das competencias que lle corresponde á Xunta de Galicia. Non se poden realizar reunións nas que sinxelamente se cite ás partes, nas que se constate certa imposibilidade para lograr acordos e a acción seguinte sexa levantarse da mesa.

A cidade de Vigo, o seu contorno e Galicia, con este sector económico tan importante como é o do metal, necesitan neste momento da actuación do goberno da Xunta de Galicia e esta non pode mirar cara outro lado, non se pode preocupar doutros problemas dándolles preferencia en relación co que nos atopamos nesta cidade.

Por todo o antedito o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista propoñen esta declaración institucional, con toda a lexitimidade e toda a forza que dá representar a

vontade popular da cidade de Vigo para reclamar unha solución a este conflito.

Desexamos o apoio do Grupo municipal Popular a esta moción, é importante porque forma parte da formación política que goberna en Galicia e buscamos un texto que entendemos debe seren asumible polo que estamos dicindo todas as formacións políticas nestes días.

O lexítimo goberno da cidade estará sempre detrás dos problemas que esta cidade teña por mínimos ou por grandes que sexan. Igual que esiximos á Xunta de Galicia, a nosa guía é enfrontar os problemas. Non deixaremos de traballar porque este conflito se solucione e ata que o sector produtivo recupere a normalidade, ata que os traballadores de luns a venres, durante todas as xornadas laborais, estean traballando en situacións normais e se produza e se manteña ese pulo á economía galega polo que sempre se distinguiu a cidade de Vigo.

Neste cometido de busca de solucións, de apoio ós problemas que poida ter a cidade, sempre atoparán ó Alcalde de Vigo e ó goberno da cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Neste Concello as normas institucionais están rotas dende hai un par de anos; daquela, cando había unha declaración institucional, había unha norma básica e fundamental: primeiro había que reunir ós voceiros coa urxencia que fose, en media hora, cinco minutos ou como fora. En segundo lugar reuníase o Consello Económico e Social da cidade se fose mester e en terceiro lugar elevar a Pleno a proposta.

É curioso que esta sexa unha declaración institucional de dous partidos políticos. O terceiro, maioritario nesta Corporación, non contou. A verdade é que houbo unha chamada de teléfono moi correcta do Sr. López Font ás 14,20 horas de onte dicindo que se ía convocar un Pleno extraordinario para o día de hoxe para falar do tema do metal. Pregunteille que punto ía e respondeume que unha declaración institucional do BNG e do Partido Socialista, imposta a este grupo, imposta a este Pleno e polo tanto volvemos á arrogancia, á prepotencia e ás malas formas.

Creo que nun tema tan importante coma este, o grupo maioritario da Corporación polo menos debe escoitar ó goberno e que este faga unha proposta correcta.

Polo tanto nas formas decepcionante. As formas impresentables, pero logo do discurso dos dous voceiros iso ten unha explicación: Cae dentro da estratexia de enfrontamento do Sr. Alcalde coa Xunta de Galicia, de provocación e de tentar crispas. Non ten sentido esta declaración institucional que o único que se saca das

palabras do voceiro do Partido Socialista é un enfrontamento coa actuación da Xunta de Galicia da que logo imos falar tamén do fondo; non nos imos escapar.

Pero está clara a forma. Alá o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, sobre todo o BNG que sempre deu mostras de tentar facer de forma correcta estas cousas. É triste que un partido que defendeu a pluralidade e a participación nesta cidade decote agora estea dando mostra de todo o contrario. Por certo, a declaración institucional xa se aprobou nun Pleno anterior como moción.

Tamén lles pedimos que corrixa unha palabra na declaración que por certo ven moi ben a conto: fala da “medicación formal” e é a mediación. Cambien iso pero me parece que á vista do que están facendo alguén si ten que se medicar; todo iso parécenos fóra de lugar.

Coido que aquí quen non representou á cidade dun xeito correcto foi o Sr. Alcalde. O día 3 de xuño houbo nesta cidade unhas escenas demasiado lamentables e tristes. Ó día seguinte os medios de comunicación recollían as seguintes novas: “A folga do metal recrúase en Vigo e os empresarios denuncian salvaxismo”. “O metal anuncia unha folga indefinida e resposta ás cargas policiais”. “Autobús de Vitrasa incendiado e con cristais rotos”. “A folga do metal deriva en violencia e vandalismo en Vigo”. “Vandalismo e violencia no quinto día de folga do metal que se anuncia indefinida”. “Cóctel Molotov contra un autobús con pasaxeiros”. “Nove persoas resultaron feridas e o mobiliario quedou totalmente destruído”. “Nova batalla campal no centro de Vigo entre traballadores e anti-disturbios”.

O que se lle ocorre ó Alcalde, máximo representante desta cidade, é marcharen esa mesma tarde a Copenhague. Esa é a resposta do Alcalde de Vigo. Á parte de que esa nova saíu nos medios de comunicación, temos o Xornal do Concello onde na parte da axenda do Alcalde dise que ás 9,00 horas o Alcalde de Vigo participa no plenario “Diálogo nacional local do cumio mundial sobre o liderado dos gobernos locais no cambio climático”.

É dicir, cando marchou desta cidade o Alcalde coñecía o conflito que había, sabía que ese conflito estaba recruado. O máximo responsable da seguridade de Vigo a todos os efectos é o Alcalde de Vigo pero marcha a Copenhague. O mesmo día que o alcalde está en Copenhague hai vinte e tres feridos na cidade na xornada máis violenta de folga do metal. Os xornais din. “A xornada máis violenta do conflito do metal sáldase con vinte e tres feridos”. “A patronal esixe á fiscalía que actúe contra os vándalos”. “A folga do metal provoca en Vigo graves disturbios que se saldan con

vinte feridos". "Vigo, cidade tomada". "Un Cámara de Tele-5 ferido por unha bomba de palenque". "Estaleiros vigueses perden contratos con armadores noruegueses polo conflito". "Os pasaxeiros dun cruceiro retidos no barco durante hora e media". "Os folguistas tentaron en varias ocasións entrar no Concello". "O conflito do metal radicalízase"...etc. E o Alcalde de Vigo segue fóra.

Pero o máis grave é que o responsable delegado do Alcalde, o concelleiro de Seguridade, tamén está fóra da cidade, non sei onde pero tamén fóra da cidade. E vostedes quérennos dar agora leccións, de que? De conflictividade ou non sei de que discurso político-demagóxico?

Sr. Domínguez Olveira, quere que lle diga o que penso? Que o discurso de seu é moi demagóxico. Por que non destina eses cartos que deu á Universiada, eses dous millóns de euros que tirou, para eses traballadores? Porque eu tamén podo facer ese discurso. Ou destinar ós traballadores o diñeiro que lle custa este dobre goberno á cidade de Vigo? Faga ese discurso pero entón dea exemplo, non só faga discursos demagóxicos.

Todos defendemos ós traballadores e todos defendemos que este conflito dunha vez por todas se resolva o máis axiña; todos queremos o mellor para esta cidade pero non poden facer discursos demagóxicos de provocación permanente.

Resulta que agora lle van esixir a unha administración todo o que vostedes non foron quen de facer, sobre todo un Alcalde da cidade que se ausentou durante o tempo de maior conflictividade. Están tentando manipular, confrontar, crispas ou provocar a esta cidade que é o que saben facer ben. Pero por riba están mentindo porque está clara e quedou contrastada a actuación da Xunta de Galicia que vou ler enteira, vou ler o que fixo día a día, cousa que non foi igual no período electoral do 2007. Quere que lle lembre ese período cando vostedes estaban calados?

A Xunta non participaba e saían novas coma esta nos xornais: "Folguistas do naval destrúen expedientes na Xunta de Vigo". Debía ser porque a Xunta actuaba moi ben. "Traballadores do naval asaltan a sede da Xunta en Vigo e queiman documentos oficiais". "O sector do naval destruíu sobre todo documentos de Xustiza e Pesca". "Traballadores do naval ocupan a Delegación de Facenda en Vigo e queren que a administración actúe". "Traballadores do naval péchanse durante catro horas na sede de Facenda de Vigo". Quere que lle lea todos os recortes del prensa de dezasete ou dezoito días de folga cando houbo unha intervención "magnífica" da Xunta de Galicia. A diferenza é que daquela nós gobernábamos esta cidade e estivemos ó

carón da Xunta, do Subdelegado do Goberno, prestando colaboración coas nosas forzas de seguridade e tentando trasladar sempre mensaxes positivas para que se resolvese o conflito. Esa é a diferenza.

Estivemos ó carón da Xunta de Galicia aínda que era doutro partido político, ó carón do Subdelegado do Goberno, ó carón das forzas de seguridade e tamén amparando á nosa policía e prestándolle vinte e catro horas de atención cun operativo de crise que se creou e se mantivo para aquelas datas. Esa é a diferenza entre vostedes e nós. Mentres nós estivemos ó carón da Xunta de Galicia, vostedes teñen a estratexia de crítica.

Pero os feitos son os que son e evidentemente que os datos tamén. Aquí están as actuacións da Xunta de Galicia que vou ler enteiras: Día 24 de abril: O Director Xeral de Relacións Laborais, publicado ese mesmo día o seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia, trasládase a Vigo xunto co Xefe Provincial da Inspección de Traballo de Pontevedra para manter unha xuntanza coa representación sindical. Esta reunión realizouse. Día 27 de abril: Realízanse diversos contactos coa representación empresarial e coa representación dos traballadores e chégase a un acordo de retomar o calendario de negociacións por parte da Comisión Negociadora do Convenio coas seguintes datas: 28 de abril, 30 de abril e 5 de maio. Prodúcese a xuntanza do día 28 de abril da comisión negociadora.

Día 29 de abril: Pola mañá ten lugar a paralización do traballo nalgúns estaleiros. O día 29 de abril pola tarde os representantes da Patronal envían un comunicado sinalando que diante da situación acaecida pola mañá non asistirán ó resto das xuntanzas previstas. Día 30 de abril: Convocatoria de folga para os días 6 e 7 de maio. Día 5 de maio: Convócase por parte da Dirección Xeral de Reaccións Laborais á parte empresarial e á parte sindical para tentar xuntar posturas, realizándose unha xuntanza na sede da Xunta de Galicia en Vigo e establecéndose a posibilidade de realizar unha nova xuntanza o día 8 de maio.

Día 8 de maio: Convocados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais ten lugar unha xuntanza das dúas partes por separado no edificio da Xunta de Galicia en Vigo, decidindo retomar as negociacións o luns día 11 de maio.

Día 11 de maio: Convócase novamente as dúas partes na sede da Delegación da Xunta de Galicia en Vigo de xeito conxunto, decidíndose nesa xuntanza abrir novamente o calendario de negociación da Comisión convocándose ás partes para o día 18 de maio pola tarde. A Comisión Negociadora mantén unha primeira xuntanza

o día 12 de maio e unha nova xuntanza o día 13 de maio.

Día 13 de maio: Pola mañá ten lugar novamente a paralización do traballo nalgúns estaleiros. Na xuntanza da Comisión Negociadora do día 13 de maio pola tarde os representantes de Comisións e de UGT desvincúlanse dos paros producidos pola mañá nos estaleiros, paros que son defendidos pola CIG, xustificando os mesmos nas deficientes condicións da contratación dalgúns traballadores. A xuntanza da Comisión Negociadora conclúe sen ningún tipo de avances.

Entre os días 14 e 15 de maio rexístranse na Delegación Territorial convocatorias de folga para os días 20 e 21 de maio. Día 19 de maio: convócase novamente por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais á parte empresarial e á parte sindical para tentar xuntar posturas, realizándose unha xuntanza na sede da Xunta de Galicia en Vigo. Nas reunións mantidas de xeito independente coa representación empresarial e sindical acórdase por ambas partes que é necesario establecer a figura dun mediador para avanzar no convenio. Día 25 de maio: En base ó acordado na xuntanza do día 19 de maio, convócase ás partes para iniciar novamente o proceso de negociación do convenio, designando por parte da Xunta de Galicia a tres mediadores para as negociacións: ó Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, ó Coordinador Territorial da Inspección de Traballo en Galicia e ó Xefe Provincial da Inspección de Traballo da provincia de Pontevedra. Mantense a primeira xuntanza avanzando nas negociacións: acordo da duración de convenio a dous anos. Día 29 de maio: Nova xuntanza coa participación dos tres mediadores. Trátase o tema de regulación da xornada establecéndose un principio de acordo que será redactado por unha representación das partes ó día seguinte na sede da Inspección de Traballo de Pontevedra. Día 27 de maio: Nova xuntanza coa participación dos tres mediadores, trátase o tema da subida salarial para os dous anos de vixencia de convenio. Non hai acordo.

Día 28 de maio: Nova xuntanza coa participación dos tres mediadores, trátase o tema da subida salarial para os dous anos de vixencia do convenio. Os mediadores realizan xuntanzas por separado para analizar as posturas das partes. Non existe acordo e decídese suspender a mediación ata que se dean novamente as circunstancias para negociar. O día 28 de maio pola tarde rexístrase na Delegación Territorial da Xunta en Vigo convocatoria de folga para os días 3 e 4 de xuño.

Día 2 de xuño: Xuntanza cos voceiros, empresarios e sindicatos e os mediadores da Xunta de Galicia. Día 8 de xuño: Convócase nova xuntanza entre a Comisión

Negociadora e os mediadores da Xunta de Galicia; como resultado desta xuntanza asínase un documento cos seguintes acordos: Vixencia do convenio de dous anos. Regulación da xornada laboral consonte co documento acordado o pasado día 27 de abril. Ambas partes recoñecen a capacidade para chegaren á postura no referente á subida salarial. Aprazamento da folga convocada para o día 10 de xuño co obxecto de seguir negociando. Convócase a xuntanza para o día 9 de xuño pola tarde. Día 9 de xuño: Xuntanza curta na que se empeza a falar do tema da subida salarial. Convócase nova xuntanza para o día 10 de xuño ás 12:00 horas. Ten lugar unha xuntanza maratoniana do día 10 ó 11 de xuño dende as 12 horas da mañá do día 10 de xuño, ata as 20 horas con descansos dunha hora para xantar e cear exclusivamente. Aínda que se moven as posturas iniciadas en canto ó incremento salarial a xuntanza, despois de máis de 30 horas, remata sen acordo.

Día 10 de xuño: Tal e como se acordara suspéndese a folga prevista. Día 11 de xuño: Ten lugar a folga no sector". "Día 12 de xuño: Realízase unha nova folga, neste caso coas empresas do sector co convenio propio. Durante os días 13 e 14 de xuño realízanse diversos contactos para poder convocar unha nova xuntanza da Comisión Negociadora para o luns día 15 de xuño. Día 15 de xuño: Nova xuntanza convocada pola Xunta de Galicia ás 17:00 horas no edificio da Xunta en Vigo.

Isto é traballar a prol da busca dun acordo. Acordo que ten as súas dificultades xa que hai dúas partes que teñen posturas encontradas. Non se pode mentir baixo ningún concepto. Seguramente non coñecen estes datos e por iso fan estas declaracións e estas afirmacións da morneza da negociación da Xunta de Galicia. Coido que aquí están todos os datos, datos que ademais poden seren ratificados polos medios de comunicación porque están facendo un seguimento puntual, diario e mesmo por hora desta folga.

Pedímoslles que cando queiran facer unha declaración institucional, polo menos tenten contar con este grupo. Perden as formas permanentemente e no fondo non teñen ningunha razón.

O que temos que intentar todos é que este conflito se resolva o máis axiña pero con discursos positivos, con mensaxes nunha liña de colaboración e non do enfrontamento, da crispación, da arrogancia e da prepotencia. Dende logo nós non imos por ese camiño. Xa dixemos que sendo nós goberno colaboramos coa anterior Xunta. Agora pretendemos facer exactamente o mesmo e coas dúas partes implicadas directamente que son os traballadores e a patronal. Pedímoslles e

tentaremos por todos os medios que tanto a patronal como os traballadores cheguen a un acordo e por suposto que a Xunta siga traballando arreo para que se poida acadar axiña ese acordo.

Neste documento que teño están reflectidas todas as actuacións da Xunta de Galicia durante o último mes e pico que leva de goberno. Esa é a diferenza e nós non imos seren partícipes da posta en escena, de discursos demagóxicos, de buscaren provocación, enfrontamentos e tentar manipular á cidadanía. Non estamos nesa liña. Polo tanto xa anunciamos claramente e con absoluta firmeza que estamos en desacordo coa forma e tamén co fondo desta declaración institucional que vostedes traen. Non nos imos escapar do fondo e polo tanto imos votar en contra desta declaración institucional, pero si que imos seguir colaborando para que este conflito se resolva o máis axiña polo ben de todos, polos traballadores, pola patronal e sobre todo pola cidade de Vigo polo que significa este sector para a nosa cidade.

Se queren esa colaboración nosa tendémoslles a man, pero non para provocar, crispas máis ou dicir mentiras.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame, Sr. Presidente, saber canto tempo imos ter para esta réplica, para que se cumpran os acordos por todas partes. Eu cinguireime ó tempo que vostede, como moderador deste debate, designe.

A PRESIDENCIA: Tres minutos cada un.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde, Sr. Alcalde, paréceme lamentable que esteamos falando dun dos temas máis importantes para esta cidade como é este e esteamos falando de tempos. É impresentable.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, espere a que lle dea a palabra. Sería conveniente que nos Plenos vostede, coma todos, se ativera ás normas. Vostede ten a palabra cando lla dea o Presidente. Xa falaremos, Sr. Figueroa, pero está na ameaza continua. Sr. Figueroa, siga vostede as normas que todo o mundo respecta; respéctelas vostede tamén.

Sr. Domínguez Olveira, ten vostede en torno ós tres minutos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando as cousas non son coma a maioría decide

evidentemente o Sr. Figueroa berra e protesta. Pode erguerse e marchar outra vez, a cidadanía xa está acostumada a esas actitudes.

Por favor, eu pediría que non me interromperan. Eu coido que este Pleno e outros que estamos tendo os cualifican. Non fai falla que nós digamos absolutamente nada, coido que as súas actitudes os cualifican. Cando hai que debater un tema tan importante coma é este seguen interrompendo e escapan do debate para chegaren á conclusión de votar en contra; seguen interrompendo, escapan do debate e ameazan. Esa é a rotura das formas institucionais.

E veñen vostedes falármonos de pluralidade e democracia cando nada máis chegaren ó goberno da Xunta censuran programas de televisión críticos. Manda truco que nos falen de pluralidade e de democracia ó BNG e sobre todo de tempos. Que veña o Sr. Figueroa dicírmonos que se reducen os tempos cando no Parlamento Galego ó Bloque Nacionalista Galego que só perdeu un deputado se lle reducen todas as súas capacidades en máis dun 50% para falar e para intervenir. Manda truco.

Nestes tres minutos que teño eu só lle vou dicir unha cousa: Sr. Figueroa vostede é un gran mestre de escapar dos debates. Fíxese que estamos falando do metal e salta agora coa Universiada. Voulle dicir sinxelamente unha cousa: díganlle á cidadanía se vostedes defenden á clase traballadora deste país e ós empresarios; porque é o contrario do que están facendo na Xunta. Vostedes non defenden nin ós traballadores destes país, nin tampouco ós empresarios. Vostedes están na Xunta de Galicia única e exclusivamente por colleren poder; nada máis, por amarraren ese poder. Así o veñen facendo.

A diferenza entre vostedes e nós é que nós sempre reclamaremos do goberno da Xunta, como fixemos cunha mesma cor política, o que esta cidade precisa e nunca permitiríamos nin da nosa organización política, nin de ningunha que puxera desculpas enriba da mesa para desprezar unha vez máis a esta cidade. Vostedes están agochados porque non sen quen de lle dicir á Xunta de Galicia, agora gobernada polo Partido Popular, que cumpra con esta cidade, que non busquen excusas para a depuradora, para o hospital... Que non busquen excusas.

Vostedes seguen interrompendo e escapando dos debates porque non teñen nin unha soa alternativa para esta cidade máis ca crispación e o escapismo. Eu non o farei cando vostedes falen.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, dado que inaugura o asento de voceiro, eu pediríalle

de verdade que se comporte en primeiro lugar coma un demócrata, como un voceiro e que deixe falar, que non interrompa nin ó Alcalde nin os demais porque non o interrompemos a vostede en ningunha das súas longas disertacións.

Non vai acadar o obxectivo de falar doutras cousas cando estamos falando neste Pleno de algo que afecta a economía da cidade e o Partido Popular ten que dicir que opina sobre o conflito desta cidade e sobre o que hai que facer. Vostede fixo todo o contrario. Espero non caer no seu xogo e que os cidadáns se dean conta das súas intencións.

A vostede impórtalle pouco o conflito do metal, a ese grupo de trece concelleiros impórtalle moi pouco a situación na que nos atopamos porque senón este texto de declaración institucional ten que ser asumible polo seu grupo. Eu espero que os actores que están neste conflito e que os cidadáns se dean conta porque os cidadáns se dan conta de que nestes dous anos vostede o único que tenta é enredar e non ir ó gran, como lle dicía o Tenente de Alcalde.

Reafirmámonos no texto que traemos, reafirmámonos como goberno desta cidade ó que lle corresponde propoñer unha declaración institucional e á oposición, da mesma forma que o esixe o Sr. Núñez Feijóo, asumir con humildade que son oposición durante catro anos. Os seus trece concelleiros terían que estaren para colaboraren con este goberno, con esta cidade e cos seus problemas. Pero a vostede preocúpanlle outras cousas. Non sei por que non fala da Deputación provincial e si da Universiada, Deputación da que é Vicepresidente Primeiro e estamos aínda pendentes de que diga o que fixo pola cidade de Vigo dado que vostede quere falar doutras cuestións.

Traemos unha proposta de declaración institucional que amosa quen está a favor da cidade e dos seus problemas e nós estamos aquí; amosa quen está en contra da cidade e en contra dos seus problemas e están aí.

Faime moita gracias cando é quen de ler catro páxinas de corrido e remata de xeito grandilocuente dicindo que iso é traballar porque, que traballo fixeron? O de secretario de actas, Sr. Figueroa. O traballo que fixo a Xunta de Galicia foi de secretaría de actas e de convocatorias; iso é o único que fixo. Nós o que demandamos, Sr. Figueroa, é unha valentía política, que o Sr. Núñez Feijóo saia e diga que hai que resolver o conflito de Vigo como o dixo o Sr. Fraga e tamén o Sr. Touriño. Iso é o que pretendemos porque o Sr. Núñez Feijóo se viu obrigado dicilo o pasado domingo. Eu tamén lle podo traer informacións de prensa nas que a

Conselleira de Traballo dicía que se é necesario mediar no conflito de Vigo o teremos que facer.

Fálanos vostede dunha serie de reunións que convocaron, nas que non hai acordo? Iso é o que o goberno de Galicia vai aportar á cidade de Vigo? Iso é o que vai guiar durante catro anos? A iso é o que se van dedicar o Sr. Núñez Feijóo e os conselleiros? A convocar, a constatar que non hai acordo e erguerse? Non, Sr. Figueroa, cando vostedes pretendan iso nós imos dicir o contrario e esiximos que o goberno lexítimo de Galicia, como o desta cidade, teña capacidade política e a leve a cabo.

Como non me quero pasar dos tres minutos remato dicindo, Sr. Figueroa, que vostede é o colmo de moitas cousas. Eu instaurei un contador de mentiras no que aínda vostede non respondeu a determinadas cuestións. Ameazounos neste Pleno con traer facturas e aínda estou esperando a súa demostración.

Falou dunha factura e é mentira, pero que fale de que nós non lanzamos mensaxes positivas, en dous anos vostede non lanzou ningunha mensaxe positiva, en dous anos vostede entra polo oco da porta a este Pleno e o seu único obxectivo é crispár; e di que imos crispár nós.

Somos o goberno lexítimo da cidade, trouxemos unha proposta de declaración institucional para resolver este problema e vostedes están en contra da solución deste problema por moito que se amporen en reunións realizadas porque o único que fixo a Xunta foi convocalas e levantar acta e os cidadáns teñen que coñecer a verdade.

SR. FIGUEROA VILA: Segundo o Bloque Nacionalista Galego o noso partido non fai nada polos traballadores, pero hai un exemplo moi claro que é que cando gobernamos creamos cinco millóns de postos de traballo e nos últimos seis anos destruíronse catro millóns. A diferenza é que uns crean e outros destrúen case ó mesmo nivel.

Cando queiran facemos os debates que consideren oportunos. O Alcalde pode traer os debates que desexe, poden ser monográficos do que queira, da Xunta, das obras, do que lle dea a gana; estamos dispostos a debater, non teñan ningún problema. Pero o triste de todo é que falan dos tempos dos Plenos desta Corporación e mesmo algún concelleiro dixo o outro día que non gañabamos o noso salario porque nos erguéramos. Son vostedes os que non queren traballar, preocúpalles que este Pleno dure media hora máis ou menos sendo un tema importante para a cidade. Queren

facer a declaración institucional, ostentación cara á prensa e logo non lles importa todo o demais. Con isto o que queren facer é unha provocación, un enfrontamento coa Xunta de Galicia, nada máis.

Ese é o discurso porque detrás disto o que hai, Sr. López Font, é un discurso demagóxico, cara á galería, porque se o Alcalde tivese tanta preocupación por esta cidade e polos traballadores do metal estaría presente e non marcharía da cidade na xornada con maior conflictividade histórica dos últimos tempos; e o Concelleiro de Seguridade tampouco marcharía. Están aquí os recortes de prensa e vese que nesta cidade pasou o que pasou e o Alcalde estaba ausente.

Esa é a valentía, a implicación e o compromiso que teñen vostedes con esta cidade? Vostedes non teñen ningún compromiso, teñen o compromiso da demagogia, iso fano perfectamente e por iso hai que dicir o que fixo a Xunta de Galicia e aquí teño a mostra do seu traballo, dos mediadores e tamén da Inspección de Traballo, persoas cualificadas, con suficiente experiencia e que actuaron en diversos conflitos nesta cidade nos últimos anos.

Non hai cuestión ideolóxica porque o Xefe da Inspección de Traballo, Sr. Ron de Casas, é un experto, D. Demetrio Fernández do Consello de Relacións Laborais de Galicia é outro experto, a Delegada da Xunta de Galicia participou tamén nesas reunións, o Director Xeral de Traballo, a Conselleira..., participaron todos e mesmo o Presidente Feijóo dixo nas últimas semanas que era bo que se resolvese o conflito e instou ás partes a resolvelo como facemos todos.

Vostedes o único que queren son outras cousas pero nós non imos entrar nese xogo porque nos avalan os datos e porque ademais hai unha comparación moi clara: a Xunta de Galicia no anterior mandato, en xornadas electorais previas a unha campaña non mediou en absoluto e os traballadores entraron nas Delegacións da Xunta de Galicia e tiraron documentos porque non os atendía absolutamente ninguén; pecháronse na Xunta de Galicia en plena campaña electoral, as eleccións eran o 17 de maio.

A diferenza é que nós sendo goberno e xogándonos unhas eleccións estabamos ó carón do goberno da Xunta de Galicia, apoiando incondicionalmente e ó carón do Subdelegado do Goberno, D. Delfín Fernández, a quen apoiamos e con quen montamos un gabinete de crise dende este Concello e coas nosas forzas de seguridade locais.

Non lle conto o que me dicía neses días de conflictividade un alto mando da

Ex. Urxente 16.06.09

seguridade na entrada do garaxe, pero se sentían sós, ninguén os dirixía politicamente, non tiñan nin un apoio nin unha directriz política porque o Alcalde e o Concelleiro de Seguridade estaban fóra. Cando sucede algo deste nivel o que hai facer é que montar de inmediato un gabinete de crise para tentar buscar solucións porque as directrices teñen que vir dos políticos, pero o Alcalde estaba voando cara Copenhague e o Concelleiro de Seguridade non se sabía onde estaba.

Esta é a verdade e a realidade. Por suposto que nós seguimos coa nosa idea do voto en contra porque non nos parecen ben as formas pero tampouco o fondo porque a Xunta de Galicia está actuando correctamente na medida das súas posibilidades.

Dende o este Grupo municipal volvemos trasladar a mensaxe de que as partes tenten resolver os problemas e que a Xunta siga traballando para mediar no conflito como veu facendo ata o día de hoxe. Esperemos que se resolva o máis axiña posible polo ben da economía desta cidade, polo ben da conflictividade laboral, dos traballadores, da patronal e coido que polo ben de toda a cidade no seu conxunto.

Esa é a mensaxe que nós queremos dar, non o da prepotencia, da arrogancia ou da provocación que é a súa liña de actuación nos últimos días neste conflito.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACORDO:

Aprobar a declaración do Goberno formulada polos voceiros dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e BNG, Sr. López Font e Sra. Méndez Piñeiro, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

Ex. Urxente 16.06.09

doce horas e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.